

RESOLUCIÓN:

RESULTANDO que o pasado día 16 de xuño de 2007 tivo lugar a constitución do Concello do Grove, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 27 de maio de 2007, habendo sido proclamado Alcalde quen suscribe.

VISTOS os artigos 20 e 23 da Lei 7/85 de 2 de abril e 35, 41.3, 44, 52, 114 e 115 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

Esta Alcaldía en exercicio das súas atribucións, RESOLVE:

PRIMEIRO. Nombrar membros da Xunta de Goberno Local do Concello do Grove ós seguintes Concelleiros:

JORGE OLLEROS RODRÍGUEZ
CARLOS ALVÁREZ BESADA
VICTORIA CANOURA
JOSÉ ALFREDO BEA
XAN LAMELAS ALFONSO

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e os concelleiros antes mencionados.

O Réxime das sesións da Xunta de Goberno será o seguinte:

A Xunta celebrará sesión ordinaria unha vez cada sete días, preferentemente, os vernos ou xoves. Nembargantes, se as circunstancias o aconsellarán, a xuicio do Alcalde, poderá éste convocar a sesión con carácter de ordinaria un día distinto da semana e á hora que estime adecuada, respetando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias.

Ademáis a Xunta celebrará sesións extraordinarias e reunións deliberantes cando con tal carácter sexan convocadas polo seu Presidente.

SEGUNDO. Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colegiado ademais de:

- a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas competencias.
- b) Ás que viñera delegar na mesma o Pleno Corporativo.

o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía:

1. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno, aprobar as bases das probas do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
2. Acordar o nomeamento e sancións de todo o persoal.
3. As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, nin en calquera caso os 6.024.096 € incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa

superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada referida ós recursos ordinarios do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, así como a aprobación do gasto correspondente.

4. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.
5. A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, nin os 3.012.048 €, así como a aprobación do gasto correspondente, así como o alleamento do patrimonio que non supere al porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:
 - O de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento.
 - O de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cun alleamento que non se encontre previsto no Orzamento.
6. O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Comisión de Goberno, excluídas as licencias de apertura de establecementos.
7. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

TERCEIRO. De conformidade co disposto nos artigos 20, 21.2, 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, nomear TENENTES DE ALCALDE do Concello do Grove ós concelleiros da Xunta de Goberno que a continuación se relacionan, con expresión da orde de nomeamento:

Primer Tenente de Alcalde: CARLOS ALVÁREZ BESADA

Segundo Tenente de Alcalde: JOSÉ ALFREDO BEA

Tercer Tenente de Alcalde: XAN LAMELAS ALFONSO.

Corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír, por orde do seu nomeamento, ó Alcalde nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria.

CUARTO. Publicar no BOP os nomeamentos e delegacións efectuadas, de conformidade co previsto no artigo 44 do ROF.

QUINTO. Notificar os nomeamentos ós interesados, dar conta desta Resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre e trasladar a tódolos departamentos municipais.

O Grove, 2 de xullo de 2007.

O Alcalde

Ante Mín, O Secretario

José Antonio Cacabelos Rico

Francisco Javier Novoa Juiz